



Como viven os cidadáns europeos?, que cousas, das que a todos nos preocupan na vida, importan verdadeiramente ao europeo de a pé?, como se distribuen as tarefas domésticas nos fogares europeos?, cales son os principais problemas de saúde que teñen os cidadáns de Europa?, como entenden a política os españois en comparación co resto de europeos?, como valoramos as nosas institucións?

Estas son algunhas das preguntas ás que trata de dar resposta a enquisa “**Os Europeos do S. XXI**”, un estudo comparado realizado en máis de 30 países europeos cuxa finalidade é coñecer as opinións e actitudes dos cidadáns sobre temas de actualidade social e política.

Esta enquisa ten unha finalidade esencialmente investigadora, e busca favorecer un coñecemento máis amplo e riguroso dos estilos de vida dos cidadáns europeos.

Quen realiza a enquisa “Os Europeos do S. XXI”?

O estudo, que se realiza por terceira vez en España, está coordinado por un equipo español de investigadores e profesores da **Universidade Pompeu Fabra**, en colaboración cun equipo internacional de investigadores e profesores de varias universidades europeas.

Esta enquisa é absolutamente independente. Está financiada a nivel europeo pola Fundación Europea da Ciencia e pola Comisión Europea.

Un retrato da sociedade española

Vostede foi un dos 3.000 españois maiores de 15 anos elixidos ao azar para realizar este “retrato robot” sobre as opinións, actitudes e hábitos da sociedade do noso país.

Cando teña lugar a entrevista, a vostede realizaránselle as mesmas preguntas que aos entrevistados de toda Europa, co fin de coñecer con precisión en que medida nos parecemos ou diferenciamos do resto de cidadáns europeos nunha diversidade de temas de interés común.



Como e cando pode participar na enquisa “Os Europeos do S. XXI”?

Nos próximos días os profesionais de Metroscopia vanse poñer en contacto con vostede para fixar a hora e lugar da entrevista. Todos os entrevistadores estarán debidamente acreditados. A entrevista terá aproximadamente unha hora de duración.

Vostede non pode ser substituído!

A súa colaboración con este estudo é moi importante para nós, xa que, para poder dispor de datos representativos a nivel nacional, non podemos entrevistar a ningunha outra persoa no seu lugar.

Sexa cal sexa o seu estilo de vida, os seus gustos e as súas opinións, as súas respostas son moi importantes para o éxito do estudo. Coa súa colaboración estamos axudando a realizar un retrato colectivo de como é e como pensa a sociedade española.

Naturalmente, a súa participación é voluntaria pero se vostede non colaborara co estudo, non o poderíamos substituír.

Que se fai coas respostas que vostede proporciona?


Os resultados do estudo son almacenados nun arquivo de datos en Noruega. As respostas serán examinadas de modo anónimo e publicadas únicamente en forma de táboas e gráficos estatísticos.

As súas informacións persoais serán obxecto dun tratamento estritamente confidencial. O seu nome e a súa dirección non serán reproducidos nos resultados, e todas as informacións susceptibles de identificar a calquer entrevistado serán suprimidas desde o fin da entrevista.


A modo de ilustración, mostrámoslle o tipo de análise que se fai dos datos da enquisa cos seguintes resultados da anterior edición.

Resultados da Enquisa do ano 2004:

Valoración media do sistema sanitario
(Escala 0-10)



Valoración media do sistema educativo
(Escala 0-10)



Estes gráficos mostran a valoración media que realizan os cidadáns dos países europeos sobre os sistemas sanitario e educativo nos seus respectivos países, utilizando para iso unha escala de 0 a 10 onde 0 significa que os valoran moi mal e 10 que o fan moi ben.

Como se pode comprobar, os cidadáns españois somos os novenos europeos que mellor calificamos a nosa sanidade, mesmo por diante de países como Suecia ou Alemania, mentres que a educación sae bastante peor parada, xa que a nosa nota non alcanza a media do resto de países europeos

Se está interesado en obter máis información sobre os resultados en España e no resto de países de Europa, pode consultar a páxina en Internet

<http://www.ess-spain.upf.edu> (en castelán) ou
<http://www.europeansocialsurvey.org> (en inglés).

Se ten algunha dúbida sobre cando irán a entrevistalo pode chamar ó teléfono gratuito
900 101 493